

05/07/2018

CAMPAÑA DE ANIMACIÓN Á LECTURA MARÍA MOLINER

Un ano máis o Ministerio Cultura e Deporte, pon en marcha a *Campaña de animación á lectura María Moliner*, co Concurso de proxectos de animación á lectura María Moliner en municipios de menos de 50000 habitantes correspondentes a este ano 2018, no marco do [Plan de Fomento da Lectura 2017-2020](#).

O prazo para a presentación das iniciativas comezou o día 2 de xullo e permanecerá aberto ata o día 20 do mesmo mes de xullo.

O concurso ten por obxectivo premiar ás bibliotecas de municipios de menos 50000 habitantes que leven a cabo un proxecto único que inclúa accións de animación á lectura, a eficiencia e o labor bibliotecario, a integración social na súa comunidade, así como a utilización das novas tecnoloxías.

Como novidade este ano a campaña promociónase en YouTube a través dun vídeo que podedes ver accedendo a esta ligazón: [vídeo promocional](#).

Podedes consultar toda a información, na páxina web habilitada para este fin polo Ministerio Cultura e Deporte, na seguinte ligazón: [Premios María Moliner](#).

Na pasada convocatoria 30 bibliotecas galegas estiveron entre as máis 600 galardoadas.

Desde aquí animamos a todas bibliotecas galegas a participar neste concurso de proxectos e a continuar co importante labor de dinamización e animación á lectura que levan a cabo.

Toda a información, bases da convocatoria, prazo de presentación e instrucións para a elaboración dos proxectos [aquí](#).



DOCUMENTOS E LIGAZÓNS

Bases da convocatoria, prazo de solicitude e instrucións.

Páxina web da Campaña María Moliner

<https://rbgalicia.xunta.gal/gl/actualidade/avisos/campana-de-animacion-lectura-maria-moliner-0>